








OS INVERTEBRADOS

| | | |
|--------------|---|---|
| Medusas | Teñen o corpo xelatinoso e unha boca que pode estar rodeada de tentáculos. |  |
| Esponxas | Teñen o corpo con poros e viven fixas e inmóbiles no fondo do mar. |  |
| Vermes | Teñen o corpo brando e alongado, xeralmente formado por aneis. |  |
| Equinodermos | Teñen o corpo cuberto de placas duras. As estrelas de mar e os ourizos de mar. |  |
| Moluscos | Teñen o corpo brando e musculoso e case todos posúen unha cuncha. Polvo, mexilón. |  |
| Artrópodos | Insectos | Seis patas.  |
| | Arácnidos | Oito patas  |
| | Crustáceos | Dez patas  |

Elixo a opción correcta:

1- Cal destes animais non é invertebrado?

- a- Sapo
- b- Avespa
- c- Mosca
- d- Cempés

2- Os anfibios respiran polos pulmóns e por...

- a- os ollos
- b- o caparazón
- c- as branquias
- d- a pel

3- Que animais son ovíparos?

- a- Peixes e aves
- b- Anfíbio, réptiles, peixes e aves
- c- Anfíbios, mamíferos e aves
- d- Peixes, aves e anfíbios

4- Cántas patas teñen os insectos?

- a- Seis
- b- Tres
- c- Cinco
- d- Oito

5- A serpe é...

- a- ...un anfíbio
- b- ...un réptil
- c- ...un mamífero
- d- ...un insecto

6- Cal destes invertebrados ten caparazón?

- a- O caracol
- b- A miñoca
- c- A medusa
- d- A ra

7-Os animais vertebrados divídense en:

a- Mamíferos, aves, peixes, réptiles e anfíbios

b- Mamíferos, aves e réptiles

c- Insectos, mamíferos, aves e peixes

d- Mamíferos, carnívoros e vivíparos

Responde:

1- Que son os animais vertebrados?

2- Que son os animais invertebrados?

3- Os animais vertebrados clasifícanse en:

4- Os animais invertebrados clasifícanse en:

5- A miñoca ten columna vertebral?

6- Os peixes son invertebrados?

7- En qué se diferencia unha balea dunha araña?